

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016790	IES Castro de Baronceli	Verín	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos / traballos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e/ou actitudes en que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo e inserirse e participar activamente na sociedade en que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	2-3
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	1-4
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deseño dun plan de traballo.	O alumnado deseñará un plan de traballo conxunto no que se inclúan os obxectivos e as accións para acadalos.	30	10	X		
2	Elaboración do traballo/proxecto.	O alumnado levará a cabo a elaboración do traballo, decidindo que recursos usar para a súa mellor elaboración.	35	12		X	
3	Presentación do traballo/proxecto.	O alumnado presentará o traballo, usando o material e os recursos mais adecuados para a exposición.	35	13			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deseño dun plan de traballo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer de forma guiada a relevancia da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar de forma guiada os recursos e materiais necesarios.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria de forma guiada.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Determinar a secuencia e a temporalización do proxecto/traballo de forma guiada.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever de forma guiada as incidencias que poden aparecer no desenvolvemento do proxecto e as posibles solucións a estas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos e mobilizar as competencias con suficiente calidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Elaboración do traballo/proxecto.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer da relevancia da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar de forma guiada e determinar os recursos a usar na presentación do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar de forma guiada a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar de forma guiada a temporalización e a secuencia das actuacións necesarias.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Recoñecer de forma guiada as incidencias no desenvolvemento do proxecto e as posibles solucións a estas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar de forma guiada as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización previstas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicación dos coñecementos adecuados. Consideración dos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar con suficiente autonomía os recursos e materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolución ou comunicación das incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación do traballo/proxecto.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar de forma suficiente os coñecementos adecuados.	TI	100
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Usar os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións con suficiente autonomía e corrección.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados ao finalizar a presentación.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o traballo e/ou proxecto realizado con suficiente claridade e corrección.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal o suficientemente correcta e clara.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal suficientemente adecuada.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Usar recurso dixitais, audiovisuais ou plásticos de forma o suficientemente autónoma na exposición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta materia plantexa un gran abanico de posibilidades pedagóxicas axeitadas, que implican unha maior participación do alumnado e facilitan o traballo en grupo ou por parellas. Ademais, a procura de información permite un desenvolvemento máis dinámico da clase.

Dito isto, é moi importante ter en contas os seguintes principios na intervención educativa:

Aprender a seleccionar a información máis relevante para a elaboración de traballos, fomentando deste xeito a comprensión dos contidos cos que se están a traballar. O alumno debe comprender o que fai e non aplicar procedementos mecánicos. Valorarase o pensamento autónomo e a capacidade de reacción ante problemas de distinta natureza.

Presentar diversas explicacións e tarefas que permitan a comprensión dos diversos niveis de execución e/ou presentación dos traballos e/ou proxectos. Polo tanto, propoñer diferentes exemplos de plantexamentos na exposición de traballos, etc, ofrecendo a posibilidade aos alumnos na selección das formas mais axeitadas de expoñer.

Propoñer tarefas para por en práctica os métodos de elaboración e exposición de traballos e/ou proxectos. Preténdese que o alumno comprenda a importancia das estratexias adquiridas e observe o que é capaz de resolver coas novas técnicas.

Promover a reflexión sobre o realizado. Búscase que o alumno sexa capaz de analizar os seus progresos dun modo obxectivo e descubra as súas principais dificultades. Situar a cidadanía na súa perspectiva interdisciplinaria. Intentarase co alumno coñeza as aplicacións e relación da mesma con outras áreas de coñecemento e súa importancia.

Fomentar o aprendizaxe cooperativo. Intentarase facer grupos nos que mixturar alumnos con vantaxe cos que teñen dificultades e que os primeiros axuden aos segundos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos.

Alumnado:

Para a elaboración e exposicións dos traballos e/ou proxectos que teñen que realizar fomentaráse o uso do ordenador e de ferramentas TIC para facilitar a búsqueda dos contidos e da información a seleccionar e incluír nos traballos e/ou proxectos. Tamén poderán usalo para a súa elaboración. Asemade, será importante ter en conta o material recompilado e aportado polo profesor/a que pode ser considerado material complementario e de apoio para os traballos/proxectos. Ademáis, poden usar outro tipo de materiais para a búsqueda de información, como poden ser os libros de consulta, etc. Non só o ordenador pode ser un soporte de apoio, senón tamén calquera soporte como poden ser imaxes en soporte impreso, mapas murais, o encerado, etc.

Profesor/a:

Poderá usar os seguintes materiais para axudar ao alumnado na selección e elaboración dos seus traballos e/ou proxectos: imaxes en soporte impreso, dicionarios e libros de consulta, encerado, etc. Outros recursos: audiovisuais, filmes e gravacións sonoras, mapas murais, prensa, etc. e potenciará o uso das TIC como medio para facilitar a aprendizaxe e o desenvolvemento de distintas formas, estilos e ritmos. Facilitan a vez a aprendizaxe cooperativa. A rede pode ser unha ferramenta poderosa se a utilizamos cuns obxectivos claros para evitar a dispersión e as perdas de tempo. Poderáanse incluír polo tanto o taboleiro dixital, os blogs, o podcast, a web, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso, mediante observación directa na aula, recolleráse información das competencias de todo o alumnado (habilidades, estratexias, destrezas, manexo de procedementos, manexo das TIC, iniciativa, capacidade de liderazgo...).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A nota de avaliación obterase da observación e análise do seguinte:

- 1) Observación directa do traballo diario (que terá nesta materia un peso maior xa que se dotará ao alumnado dos recursos necesarios para que poida ser avaliado mediante os traballos / proxectos realizados).
- 2) Análise e valoración das tarefas realizadas na aula e/ou na casa.
- 3) Valoración do avance individual.
- 4) Valoración do avance colectivo.
- 5) Debates, proxectos, presentacións, etc.

Instrumentos de avaliación:

Empregaránse táboas de indicadores para avaliar as distintas tarefas entregadas e tamén para analizar o progreso do alumnado de forma individual e en grupo.

En cada avaliación, o alumnado deberá acadar os obxectivos marcados. Para iso, deberán realizar e entregar todas as tarefas propostas, como, por exemplo, buscar e seleccionar a información necesaria para a realizar os traballos/proxectos, organizar a información de xeito coherente e cohesivo, amosar e entregar ao profesor/a esbozos do que están a elaborar, etc.

Valorarase a boa presentación das tarefas, dos traballos e/ou dos proxectos, a capacidade de comprensión, análise e síntese, a capacidade de razoamento e o uso de argumentos pertinentes, o respecto polos/as compañeiros/as, etc. Negativamente, as faltas de respecto, a falta de solidariedade e empatía, a non realización das tarefas e a falta de interese e iniciativa, etc. Copiar ou plaxiar os exercicios ou traballos será avaliado negativamente.

É fundamental que o alumnado entregue as tarefas que o profesor/a lles pide nas datas e horas sinaladas para a súa corrección. É imprescindible que a presentación dos traballos se axuste ás condicións prescritas na aula. Terase en conta a súa calidade, as respostas elaboradas, a boa redacción, o traballo de reflexión, a calidade da exposición oral, etc.

Para aprobar a avaliación, no caso de que sexa necesario redondear a nota, o profesor/a reserva o dereito a decidir en cada caso concreto se o redondeo é cara arriba ou cara abaixo dependendo da actitude, o interese e a iniciativa que mostrara o alumno/a ante a materia, os seus compañeiros e o profesorado durante todo o trimestre. Para considerar a avaliación aprobada, o alumnado deberá obter unha nota global final igual ou superior a 5.

Para superar a materia na avaliación final, o alumnado deberá obter unha nota global final de 5, como mínimo, sendo a nota final de curso a media aritmética de todas as avaliacións. De novo, no caso de que sexa necesario redondear a nota, o profesor se reserva o dereito de decidir en cada caso concreto se dito redondeo é cara arriba ou cara abaixo dependendo da actitude, interese e iniciativa que mostrara o alumno/a ante a materia, os seus compañeiros e o profesor durante todo o curso.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda a primeira ou a segunda avaliación por non entregar as tarefas dentro de prazo ou non realizalas con suficiente corrección ou non seguir as instrucións terá unha outra oportunidade para entregar a tarefa ao comezo da seguinte avaliación, podendo así recuperar as avaliacións pendentes.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse de 1º ESO non hai alumnos con esta materia pendente, xa que se trata dunha materia que non hai na educación primaria.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer un achegamento á propia realidade dos alumnos, tanto no seu contorno coma ás súas propias aspiracións, capacidades e intereses. Isto é particularmente relevante na área de Proxecto Competencial, marcada pola diferente percepción do medio social que teñen os alumnos dunhas e outras zonas e duns e outros contornos culturais, etc.

Ademais os alumnos non teñen un nivel de coñecementos homoxéneo. Nuns casos pode haber diferenzas marcadas na súa competencia lingüística, o que pode provocar grandes desniveis á hora de entender os conceptos, a maioría de grande abstracción. Por todo isto, a programación debe ter en conta que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa, permitindo á vez que os alumnos máis avantaxados poidan ampliar os seus coñecementos máis aló dese mínimo común.

Estes obxectivos lógranse mediante a formulación mediante a posibilidade de que estes alumnos realicen tarefas máis sinxelas, seguindo unhas pautas para facilitar una mellor comprensión e traballo autónomo. Tamén poderán traballar con calquera material que sexa motivador e o profesor considere que é necesario en cada caso, sempre tendo en conta que as pautas a seguir sexan clara e adecuadas para que este tipo de alumnado sexa capaz de realizar as tarefas, os traballos e/ou proxectos de forma adecuada.

Polo tanto, coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, utilizaránse estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado. No desenvolvemento das actividades de aprendizaxe teránse en consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade.	X	X	X
ET.3 - Emprendemento.	X	X	X
ET.4 - Creatividade.	X	X	X
ET.5 - Comprensión oral e escrita.	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.7 - Obxectivos do desenvolvemento sostible.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.8 - Educación para a paz.	X	X	X

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a creatividade, os obxectivos do desenvolvemento sostible, a educación para ou o emprendemento son elementos tratados na maioría ou en todas as unidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas.	Extraordinaria.			

#### Observacións:

Os alumnos participarán en todas aquelas actividades que impliquen ou desenvolvan aspectos fundamentais relacionados coa materia. As actividades arriba propostas poderanse levar a cabo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.

Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolles pautas para mellorar.

#### **Descrición:**

Profesorado e alumnado responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: sempre, ás veces e nunca.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Ademáis, valorarás o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Farase tamén un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Ademáis, analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farás a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora). E analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**